

Que razóns a motivaron para que decidira Vde. abrir o blog *Lecturafilia*?

Cando en 2012 creí *Lecturafilia*, foi de casualidade. Apeteciame indagar no mundo de Internet e, ao mesmo tempo, necesitaba compartir a miña paixón polos libros e achegar o meu punto de vista sobre eles. Naquel momento nacía como unha afección, aínda que pouco a pouco se foi profesionalizando e convertendo no meu proxecto persoal, e no que invisto unha gran parte do meu tempo de lecer. Nos últimos anos fun introducindo novas seccións e mellorando o deseño do blog, que xa ten máis aspecto dunha páxina web. Os cambios principais viñeron coa creación dun dominio propio, así como un logo elaborado pola artista pontevedresa Tania Solla, no cal se engloban as dúas paixóns da miña vida: as infusións, os libros e a marabillosa mestura que se produce entre eles.

Que criterios aplica para escoller os libros dos que logo fai as recensións no blog?

Son unha lectora desordenada. Explicóme: leo sempre varios libros á vez, nos que combino xéneros e temáticas moi diversas, sobre todo porque sempre me apetece ler pero o que, depende do momento. Aínda que case sempre me deixo levar por palpitations, o certo é que teño moi en conta as recomendacións que vezo en revistas literarias, programas de televisión ou mesmo en blogs e amig@s que me falan de libros. Ademais de ler libros, son unha apaixonada de todo a información que se xera arredor deles, e por iso sigo moi de preto e, ás veces de forma obsesiva, a información literaria: novidades, entrevistas con autor@s, reportaxes, críticas...

En *Lecturafilia* tamén hai entrevistas feitas por Vde. mesma a autores/as, cousa que non ocorre habitualmente noutros blogs. Por que este espazo para as entrevistas?


A sección de entrevistas a autor@s ou a outras persoas relacionadas co mundo da cultura é das que máis alegrías me dan a diario. Aínda que xa pensara moito antes en comezar a facelas, como un xeito de aprendizaxe tras ter estudado xornalismo, o certo é que me lancei cando un autor que se chama Manuel Cortés Blanco me animou. E dixeran, por que non? Iso foi hai cousa de tres anos e ata hoxe teño coñecido a persoas marabillosas, e encántame ver as sinxrias que se producen arredor dos libros. De feito, recordo que cando Víctor del Árbol compartiu a entrevista que eu lle fixen ao gañar o Premio Nadal comentou nas súas redes sociais que fora das mellores.

O Día das Escritoras, Vde. convocou unha enquisa entre mulleres autoras e lectoras para que dixesen cal foi o libro, de autora feminina, que marcou as súas vidas. Sorprendéronlle os resultados? Que balance fai desa enquisa?

A verdade é que o mes de outubro é cada ano máis intenso para min, sobre todo porque se celebran dúas iniciativas que considero imprescindibles para lograr a visibilidade das mulleres na literatura: o #LeoAutorasOct e o Día das Escritoras. Con motivo desta última ocorréuseme preguntar a mulleres amigas un libro escrito por unha muller que as marcara, e alúciame coa acoillida que tiña. Todas as mulleres se mostraron agradecidas porque fíxese esta entrada que, por certo, bateu récord de estatísticas das máis vistas. Quizais tras moito tempo estando caladas, xa é tempo de que se nos escoite.

Tamén ten reservado un espazo destacado para a literatura escrita por mulleres. Estamos a vivir, a nivel incluso planetario, un boom da literatura feminina?

Cando eu lle fago esta pregunta ás mulleres escritoras que entevisto no meu blog, case todas coinciden en que non se trata dun boom actual, senón que foi medrando pouco a pouco e agora é o momento da eclosión. A min non me gusta tanto falar de literatura feminina, senón de mulleres que alzan a súa voz e queren estar ao carón dos homes, porque semella que



Tensi Gesteira. // FARO

Tensi Gesteira - XORNALISTA, RESPONSÁBEL
DO BLOG LECTURAFILIA

“Máis que dun ‘boom’, eu falaría dunha eclosión mundial da literatura escrita por mulleres”

*Os blogs de crítica literaria están a acadar cada vez maior protagonismo na escolla das lecturas dos usuarios/as, e o *Lecturafilia*, recentemente premiado pola Deputación Provincial de Pontevedra, é sen dúbida un dos máis interesantes e completos de Galicia que se poden atopar nas redes sociais. A súa responsable é Tensi Gesteira, xove xornalista nada n'A Cañiza, que leva xa seis anos traballando arreo e “pasando páxinas”*

LOURDES VARELA

cando falamos de literatura feminina, o facemos pensando en que as mulleres escribimos obras máis apegadas aos sentimentos e que por iso non teñen a mesma importancia que os homes. Non obstante, é preciso dicir que o que si está claro é que, na actualidade, movementos como o o Metoo están conseguindo facer aflorar todo o que estaba agochado e de aí remover as conciencias. É a raíz del, e tamén do éxito da folga do 8 de marzo, o debate arredor da necesidade do feminismo estase reabrindo con moita forza, e o mercado editorial é boa proba disto, cunha gran cantidade de ensaios e de novelas que reflexionan sobre as desigualdades de xénero e máis a necesidade dunha sociedade feminista. Coa sección de literatura feminista do meu blog (á que nomeei “Outra Mirada”) busco visibilizar e axudar a que as mulleres teñan o lugar que nunca antes tiveron nun mundo pensado por e para homes.

Cóida que un home escritor é quen de poñerse na pel dunha muller para protagonizar unha novela ou, máis cedo ou máis tarde, vai-se notar que é un home o que escribe?

Complexa pregunta. Non me gusta xeralizar, e sempre penso que hai tantos homes diferentes como mulleres, o que ten moito sentido na escrita. O que si vexo, a través da miña experiencia lectora, é que hai moitas máis novelas escritas por mulleres protagonizadas por homes que ao revés; e que as mulleres apareceron durante moito tempo en papeis secundarios ou de nigrantes nas novelas e noutras manifestacións culturais. Pero penso que algo está mudando. Hai uns meses lin un libro sobre feminismo escrito por un home, e por certo un dos mellores: *Autoretrato de un macho disidente* de Octavio Salazar. El si que é capaz de ver o necesario que é o feminismo tanto para homes como para mulleres. Pero non hai que negar que o camiño de cambio é longo.

Que lle parece a crítica literaria que, en xeral, se fai en España e, en particular, en Galicia?

Eu distingo dous tipos de crítica: a que se fai en medios especializados (suplementos literarios ou revistas literarias) e a dos blogs. No que atinxe aos medios especializados, creio que é unha crítica moi baseada nas novidades editoriais do momento e que están moi influenciadas por campañas de marketing en moitas ocasións. E no caso da realizada por blogueiros/as hai moitas tendencias, pero o certo é que hai cada vez máis espazo para libros de editoriais pequenas e análises desde ópticas máis persoais. En canto a Galicia, o panorama é máis complexo, pois hai un menor número de editoriais, e as críticas son en moitos casos positivas. Eu, que sempre estou aprendendo dos que verdadeiramente saben, sigo moi de preto a Montse Dopico, Ramón Nicolás, Armando Requeixo e Mario Regueira.

Como falta pouco para o Nadal, qué cinco libros de poesía e narrativa lle recomendaría a un amigo/a como agasallo, sexan novidades ou non?

Sempre que me fan esta pregunta tremo, porque a diario descubro libros marabillosos que están á espera de ser lidos. Como a miúdo recoñezo, as mellores historias están nas editoriais pequenas. Para este Nadal recomendaría calquera novela de Almudena Grandes, a miña autora favorita e recentemente Premio Nacional de narrativa (en especial *Los aires difíciles*). Tamén incluíría *El amor en los tiempos del cólera*, de García Márquez, a mellor novela de amor nunca contada, *Los Inviernos*, de Cristina Sánchez Andrade, *Canción de sorpol*, de Lewis Grassie Gibbon, unha novela que fala do amor á terra, e *Noites de safari*, na que Iolanda Zúñiga nos fará morrer de risa ao tempo que reflexionamos sobre cuestións relacionadas co feminismo. E no tocante agora ao eido da poesía, os meus volumes favoritos veñen ser *Nome de lume*, de Miriam Ferradáns, *Galicia en bus*, de María Reimóndez, *Cervatos*, de Lucía Novas, *La muerte de mi madre me hizo más libre*, de Mari Luz Esteban, e *Lumes*, de Ismael Ramos.